

**TEATRO
ANTROIDO**



PRESENTA A

**LAURA
PONTE** EN

BailadELAS

**MULLERES
BOLAÑESAS**

DE ROI VIDAL SOBRETXTOS DE

**ROBERTO
VIDAL BOLAÑO**

DIRIXIDA POR **XAVIER ESTÉVEZ**

Co-producción:



ABADIC

Asociación Galega de
Teatro Clásico



Colaboran:



COSMOS
MODA

Distribúe: URDIME | info@urdime.net | T. +34 881 940 969 | M. +34 679 946 957 | M. +34 619 920 935

DL 1069/2015



TEATRO ANTROIDO Presenta a:

Bailad**ELAS**

-mulleres bolañesas-

Trátase dun espectáculo composto por cinco cadros escénicos tirados dos textos de Roberto Vidal Bolaño: *Laudamuco, señor de ningures* (Premio Abrente 1976), *Bailadela da morte ditosa* (Premio Abrente 1980), *Saxo tenor* (Premio Álvaro Cunqueiro 1991), Finalista do Premio Nacional de Literatura 1992), *Rastros* e *Criaturas* (Premio Eixo Atlántico 2000, Premio Max 2001).

En contra da opinión xeneralizada, este espectáculo fala da importancia da muller bolañesa e intenta pescudar as liñas mestras que caracterizan as súas personaxes femininas, demostrando até que punto a muller encontra en todo o conxunto bolañés un papel en sintonía coa constante exaltación da dignidade humana e a loita pola liberdade presentes ao longo de toda a súa obra.



Dirixida por Xavier Estévez e interpretada pola actriz Laura Ponte, impulsora xunto con Roberto Vidal Bolaño da compañía **TEATRO ANTROIDO**, revivida para esta produción da man do dramaturgo Roi Vidal e da propia Laura Ponte, onde a persoa e as personaxes de R. Vidal Bolaño, protagonizan unha obra única para un ano único.



Laura Ponte



Xavier Estévez



Roi Vidal


TEATRO ANTROIDO

En Xaneiro de 1974 nace, dun xeito non profesional, o **GRUPO DE TEATRO ANTROIDO** fundado por Roberto Vidal Bolaño e Xaquín García Marcos. No verán dese mesmo ano entra a formar parte do mesmo a actriz Laura Ponte.

A primeira compañía profesional galega

O 16 de maio de 1978 **TEATRO ANTROIDO**, dirixida polo dramaturgo, director e actor Roberto Vidal Bolaño e pola actriz Laura Ponte, estrea como primeira compañía profesional en Galicia **Laudamuco, señor de ningures de Roberto Vidal Bolaño (Premio Abrente 1976)**.

Despois virían as montaxes *Memoria de mortos e ausentes* (1978), *Antroido na rúa I* (1978), *Antroido na rúa II* (1979), *Xaxara, Peituda, Paniogas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón, ou como trocar en rato pequecho o meirande xigantón* (1979), *Bailadela da morte ditosa* (xunto con Teatro Andrómena na cooperativa Teatro do Estaribel, 1980), *Ruada das papas e do unto* (1981), *Touporroutou da lúa e do sol* (1982), *Romance dos figos de ouro* (1983), *Percival* (versión libre sobre textos de Xosé Luís Méndez Ferrín, 1983) e *Caprice des dieux* (1985), todas elas da autoría de Roberto Vidal Bolaño.



TEATRO ANTROIDO ocupa un lugar destacado no teatro galego grazas a unha estética particular e renovadora baseada na utilización teatral de diferentes tradicións e xéneros artísticos, e realiza espectáculos de diversos formatos e públicos, tocando todos os paus da arte teatral, como o teatro de actores, o teatro infantil, o teatro de obxectos e o teatro de rúa.

E como aínda andamos nesas, volveremos ás andadas, con enerxías renovadas

Nesta nova etapa, **TEATRO ANTROIDO** propón un teatro de reflexión, diversión e forte imaxinería visual que contribúa a dignificar e normalizar a cultura galega. Porá especial interese na aparición de novas voces e tendencias que continúen e enriquezan a tradición teatral autóctona, sempre coa ollada posta nas novas linguaxes escénicas e á procura de vieiros renovadores para a escrita teatral universal producida desde Galicia, co obxectivo de establecer un contacto de ida e volta entre as culturas minorizadas e o mundo globalizado.

Un teatro do presente, un teatro de máscaras que amosan en lugar de agochar, un teatro á busca dun público de seu.

Laura Ponte, pioneira na profesionalización do Teatro Galego, levada adiante xunto con Roberto Vidal Bolaño coa súa compañía Teatro Antroido.

Ten participado ao longo da súa carreira en máis de 35 espectáculos teatrais, acadando un recoñecemento artístico que a leva a traballar en infinidade de proxectos tanto en teatro como en cine, televisión ou radio, consolidándose como unha das actrices de referencia da escena e do audiovisual galego.

Xavier Estévez, polifacético actor que conta cunha dilatada experiencia teatral (38 montaxes) aínda que tamén traballou en moitas series de televisión galegas e nacionais (mais de 17), e en longametraxes como; *Celda 211*, *Agallas ou Retornos*, película que ademais protagonizou. Como director destaca “*Merda*” (de Ricardo de Barreiro e o propio Xavier Estévez), Recibiu o Premio María Casares ao mellor actor de reparto en dous anos consecutivos.

Roi Vidal Ponte, fillo do dramaturgo Roberto Vidal Bolaño e da actriz Laura Ponte, é un creador polifacético e antidogmático que cultiva diversos eidos da creación literaria e artística. Publicou, *Xulieta's Black Hole: (farsa de velocidade interestelar)* (Casahamlet, 2007); *Historia dunha man* (Laivento, 2009); *Vampira* (Casahamlet, 2010) e *Cans e cadelas do século XIX* (Dorna, 2011) entre outros. Estudou dirección de escena na ESAD e dirixiu varias obras, entre elas “*Faraos*” da súa autoría.

BailadELLAS

-mulleres bolañesas-

Roi Vidal e Laura Ponte, realizan a dramaturxia deste espectáculo inspirándose nas personaxes femininas de cinco textos de Roberto Vidal Bolaño como son: *Laudamuco*, *señor de ningures*, *Bailadela da morte ditosa*, *Saxo tenor*, *Rastros e Criaturas*.


Este espectáculo fala da importancia da muller bolañesa e intenta pescudar as liñas mestras que caracterizan as súas personaxes femininas, demostrando até que punto a muller encontra en todo o conxunto bolañés un papel en sintonía coa constante exaltación da dignidade humana e a loita pola liberdade presentes ao longo de toda a súa obra.

Unha personaxe central, inspirada noutro dos textos do dramaturgo (*Sen ir máis lonxe*, 1999) vai unindo e presentando cada un dos cadros nunha conversa cun personaxe mudo, falando do xusto e do inxusto, do ben e do mal, do de aquí e do de acolá.

As personaxes femininas deste espectáculo fálannos do poder liberador da revolución diante do servilismo e o sometemento, da xente sen esperanza, dos perdedores e dos marxinados, da afouteza e incredulidade dunha muller indo cara a Compostela, do amor e do desamor, da soidade non elixida, da crítica aceda e retranqueira da Señora de misa diaria con veo incluído, ou daquela que elixe como acto final a liberdade que lle asiste a rematar coa súa vida.

De todo un pouco hai neste espectáculo onde agardamos que o público poida gozar da poesía, da protesta, do non acomodarse, da reflexión, dos sentimentos encontrados, das contradicións, das miserias e das virtudes destas personaxes que Vidal Bolaño nos achega nestes seus textos.

Dar a coñecer a obra deste gran home, deste grande ser humano, traballador incansable pola cultura, pola sociedade, pola lingua...é para nós unha obriga e un pracer, e sabemos que as persoas que se acheguen a el (no teatro, na escrita, no cine..) ficarán para sempre enriquecidas.



Datos artísticos e técnicos:

Interpretación: Laura Ponte

Director: Xavier Estévez

Texto: Roi Vidal / Adaptación sobre textos de R. Vidal Bolaño

Composición musical: Anxo Graña

Deseño escenografía: Teatro Antroido

Audivisual: Tingalaranga

Distribución: Urdime

Duración: 80 minutos

Público: Maiores de 12 anos

Necesidades técnicas:

- Montaxe: 4 h., desmontaxe 1h.
- Medidas do escenario: boca 5 m. ; alto 4 m. ; fondo 4 m.
- Luz: 10.000W a 350V
- Son: 2000W a 220V

Coproducen:



Colaboran:

